

Orense, 28 sept. 1973

Querido don Ramón:

Onte entereime de que na Escola Universitaria incorpórase o galego á especialidade de Filoloxía, que se inicia este ano. Eu mesmo estiven vendo o plan de estudos. Parece ser que o director (Manuel Bermúdez Couso) non era -ou non é - moi partidario desto, pero atópóuse con que un número importante de alumnos escollén o galego, que é optativo. A postura del agora parece ser que é a de dicir a Santiago que non ten profesor e que lle den ~~un~~ un. Aseguráronme que quen leva todas as cuestións referentes ás Escolas Universitarias é Fernández Albor. Tamén supoño que ou Carballo ou os do Instituto terán algo que dicir. Como vostede se ofrece a falar con García Sabell ou con alguén pra facer unha xestión de cara a

minha "normalización" académica, agradeceríalle moito o que poiden facer. A miña entrada na Escola acabaría por sempre a tarefa estúpida que pesa sobre min. Ó cabo dun ano convenceríame de que na clase non fago outra cousa que traballar. Por outra parte, unha vez lido o tesouro iniciaría os cursos do doctorado.

O martes temos aquí a inauguración do curso, con asistencia de tódalas "autoridades" e son eu o encargado da lección inaugural. Estón traballando moito nela, pois quíerolle dar mis marices. Xe veremos.

Máis vou á Coruña por participar durante sábado e domingo nunha xuntanza de mestros. Encargáronme unha charla sobre a "Lei de Educación e Galicia", que é sobre o que falaréi tamén na lección inaugural. Olí penso atopar ó Valentín.

Polo demais, sigo estudando, aunque parece que as oposicións van por

longo. Kristina está moi ilusionada coesa perspectiva de acabar en Cangas. Alí atoparíamos ademais ó Paco Rodríguez, que parece que vai ben na súa oposición. De Paco Carro non sei nada.

Bueno, nada máis por hoxe. Se tivéramos tempo faríamos un alto en Compostela á volta da Cruzma, oupne sexa só uns minutos. Xa veremos.

Rógolle que disculpe as molestias que lle pode causar o que lle pido.

Saídos por Isabel e Sara.

Por vostede un abrazo dos dous.

Carlos